

A poesía de Luís Pimentel

Domingo García-Sabell

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GARCÍA-SABELL, DOMINGO (2012 [1990]). “A poesía de Luís Pimentel”. *Nordés*: 14 (II Data), 49-50. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1946>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA-SABELL, DOMINGO (1990). “A poesía de Luís Pimentel”. *Nordés*: 14 (II Data), 49-50.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A POESÍA DE LUIS PIMENTEL

Por DOMINGO GARCÍA-SABELL

Cecais de toda-las creacións do espírito, ningunha tan difícil de definir como a poesía. E cecais en ningunha outra parte como na biografía do Dr. Johnson que Boswell escribiu, e que con tanta admiración cita unha e outra vez Gide, cecais, digo, en ningún outro texto se teña expresado con meirande claridade a impotencia que nos invade ó intentar dar límites conceptuais ó fenómeno poético. Á pregunta sobre o que é a poesía, contestou o Dr. Johnson que resulta moito máis doado dicir o que ela non é; («It is much easier to say what it is not»). E engade: «Todos coñecemos o que é a luz, pero non é fácil explicar en qué consiste».

¿E a luz da poesía? Po-lo de pronto, ben sabemos no que non consiste. Ben sabemos da palabrería vana, das falsas excursións metafísicas, dos «compromisos» elaborados con falsillas ideolóxicas. Sí. Ben sabemos de toda-las trapelas nas que o feito poético asolaga e conclúe por esvaeecer.

Por eso, ante unha creación real, como a de Luis Pimentel, o primeiro desbroce tería de consistir en sinalar o que ela non é. Dito doutro xeito: o que ela ten de verdadeiro —que é cáseque todo— Luis Pimentel foi un poeta de non farturenta produción —e eso xeneralmente xa é un signo de autenticidade—. Pero, ademáis, decote loitou con algo sustancial na empresa poética, a saber, as palabras, o escondido misterio das palabras, a súa estrana capacidade de suxerir realidades que, dalgún modo, están por riba delas mesmas. Léase neste contexto o poema «O nome» de «Sombra do aire na herba» e veráse lucidamente, quero dicir, con e-videncia irrefutable, o minuto dramático da espera, na «agarda de que chegue / a palabra precisa». E por eso mesmo, o nome da amada —da poesía— será o que alivie a desnudez do existir: «Ela vivirá sin o seu nome, / espida, por antre o silencio». Tempos antes, Juan Ramón Jiménez tiña berrado: «Y se quitó la túnica, / y apareció desnuda toda... / ¡Oh pasión de mi vida, poesía / desnuda, mía para siempre!».

Velaquí, ó meu ver, o valor de permanencia da obra pimentelián. Todo o demás ven como engadido; por exemplo, os acertos finísimos no apreixamento do que semella non ter corpo, isto é, a sombra do aire na herba. ¿Cál é o segredo? Sinxelamente, a exquisitez da sensibilidade, o poder de vibración, por empatía, con todo o que nos arrodea e está a facernos

chiscos de convivencia. O poeta escoita unha canción lonxana, apenas audible: «Hasta m3n chega tan s3lo en anacos; mais eu ent3doa esaita i enteira. / como a sombra do aire sobre a herba». E por eso mesmo, 3l pode descubrir, no sonido do fagot, «coa sua voz escura», un «sabor a nocces».

Esa facultade de percibir a sombra do aire na herba 3 algo que fai necesarias, ineludibles e esixentes, as palabras, as exactas palabras que acadan fronteiras situadas m3is al3 de pura conceptualizaci3n l3xica. As3, o poeta 3 qu3n a percatarse da presenza da morte porque a «grande cec3is», —o «grand peut-3tre» de Rabelais— convirte todo o que toca en inercia, en inmovilidade pasiva, en mineralizaci3n definitiva. O poeta olla para amada que durme. 3Est3 morta? De ning3n modo: «Si eiqu3 estivese a morte / todo se ter3a feito pesado / e duro». Sin embargo, «no sono, / todo est3 no aire». Outravolta o aire no que cada cousa se dilue e, 3 pasar, deixa como un arrecendo, ou como un sutil arm3nico de melod3as endexam3is escoitadas.

Desas melod3as foi Pimentel o delicado transmisor. E nesa transmisi3n hab3a, c3mo non, unha miga de desencanto, un como alonxamento do poeta, como unha especie de presenza ausente, tan aristocr3tica —non te3amos medo de empregar a palabra— e, 3 tempo, tan expresiva. (E agora acuden 3 mi3a memoria relembrs personais que non 3 do caso resucitar. 3 menos po-lo en tanto).

Pero Luis, o noso Luis, queda dentro de n3s. Como unha luz aberta na mouram3a do desnorte que 3, no fondo, todo proceso vital.

Porque 3l viu, como ningu3n puido ver, a sombra do aire na herba, compre dicir, a sombra invisible que, por ser sombra, d3 corpo 3 noso existir.